Precisar que os consellos escolares son os órganos de participación da comunidade educativa no goberno dos centros, pero que non se encontra entre as súas funcións relacionadas no artigo 127 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o determinar o número de profesores que debe ter cada centro educativo. Tampouco lle corresponde aos consellos escolares de cada centro individualmente determinar as prioridades na asignación de profesorado en función das dispoñibilidades que teña globalmente a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Para completar a información solicitada, remitímonos ao que ten manifestado no Parlamento de Galicia o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria con ocasión da súa comparecencia na sesión plenaria do día 13/10/2010 para informar sobre o inicio do curso 2010-2011 no ensino non universitario de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coas preguntas con resposta escrita **núms.: 44664, 44665, 44666, 44667, 44668, 44669, 44670, 44671, 44672, 44673, 44674 e 44675**, formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Isabel Sánchez Montenegro e dona María Teresa Táboas Veleiro, sobre **"as actuacións previstas no Plan Hurbe en diversos concellos de Galicia"**, (publicadas no BOPG número 317 do 21 de setembro, de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas** o seguinte contido:

"Ata a data o número de convenios subscritos e integrados no Plan Hurbe relativos aos concellos galegos ascenden a 52 dos que a seguir se ofrecen os datos relacionados conforme á data de sinatura, concello, actuación e importe en euros:

04/08/2004, Concello de Lugo, Obras de construción dun Centro Cultural-Auditorio de Lugo, 19.927.663,73; 05/08/2004, Concello de Vigo, Auditorio-Pazo de Congressos na Avenida de Beiramar, 18.570.000,00; 27/08/2009, Concello de Ferrol, Obras de construción do auditorio de Ferrol, 10.932.409,70; 24/09/2007, Concello de Santiago de Compostela, Actuacións de contornos urbanos nos viarios da cidade: Ponte do Romaño, rúa do Pombal, Camiño Novo, Volta do Castro, rúa Nova de Abaixo, avenida de Castelao, avenida das Fontiñas e rúa Berlín, 10.000.000,00;



06/02/2009, Concello de Vigo, Obras de urbanización das rúas Manuel Álvarez, Severino Cobas e Escultor Gregorio Fernández, 6.160.000,00; 12/02/2009, Concello de Culleredo, Obras de construción do centro cultural nas antigas naves da fábrica Cross en Culleredo, 2.000.000,00; 02/02/2010, Concello de Miño, Obras de remodelación da rúa A Carreira de Miño, 1.503.715,74; 11/09/2006, Concello do Carballiño, Obras de urbanización e pavimentación do contorno do templo da Veracruz no Carballiño, 1.488.303,51; 07/07/2010, Concello de Baiona, Humanización da Avda. Sabarís, 1.260.104,94; 20/04/2010, Deputación Lugo-Concello de Viveiro, Obras de infraestrutura urbana e equipamentos no concello de Viveiro, 1.250.000,00; 20/04/2010, Concello de Viveiro, Convenio coa Deputación Provincial de Lugo: Equipamento ao concello de Viveiro, 1.250.000,00; 22/07/2010, Concello de Lalín, Obras no complexo da nova Casa Consistorial, 1.017.334,69; 19/04/2007, Concello de Catoira, Obras de construción dun auditorio e centro multiusos en Catoira, 900.000,00; 12/07/2010, Concello de Cervo, construción da Praza de San Cibrao, 899.999,98; 02/04/2009, Concello de Vilagarcía de Arousa, Obras de rexeneración estética e funcional da fachada do Auditorio de Vilagarcía de Arousa, 880.577,69; 04/06/2010, Concello de Cerdedo, Humanización das rúas da Mina e dos Carballos no núcleo urbano de Cerdedo, 642.507,00; 08/06/2010, Concello de Xinzo de Limia, Urbanización da rúa Marcelo Macías e a reurbanización da Praza de Santa Mariña, 527.288,32; 08/06/2010, Concello de Pantón, Intervención no contorno do mosteiro cisterciense das Bernardas 2ª fase en Pantón, 450.282,14; 08/06/2010, Concello de Antas de Ulla, Acondicionamento e dotación de servizos do camiño vello de Vilane e a rúa Seoane, 399.826,55; 08/06/2010, Concello de Carral, Urbanización do contorno do Campo da Feira, 393.344,55; 01/03/2010, Concello de Avión, Obras consistentes na adecuación da Praza da Igrexa de San Xusto de Pastor de Avión, 340.345,70; 03/08/2010, Concello do Incio, Rehabilitación e ampliación da Praza do Concello, 323.235,57; 21/09/2010, Concello de Friol, Rehabilitación Praza de Andón Cebreiro, 318.719,36; 03/08/2010, Concello de Carnota, Acondicionamento



no núcleo da Curra (1ª fase), 250.000,00; 08/06/2010, Concello de Bande, Urbanización e instalación de iluminación pública de alta eficiencia enerxética no Parque do Concello, 229.999,66; 03/05/2010, Concello de Melón, Obras de lastrado e instalacións na rúa Calvo Sotelo (fase 2) en Melón, 216.511,81; 08/06/2010, Concello da Cañiza, Adecuación e mellora de servizos urbanísticos en varios espazos do núcleo urbano da Cañiza, 192.984,98; 13/08/2010, Concello de Coles, Actuacións de urbanización nos núcleos rurais de Miegodevila, Sobral e Cambeo, 191.157,25; 02/02/2010, Concello de Cartelle, Obras de intervención en espazos públicos no núcleo de Cartelle, 188.478,14; 13/08/2010, Concello de Xunqueira de Espadañedo, Humanización da Praza da Igrexa de Niñodaguía, 178.017,24; 27/10/2010, Concello de Vilanova de Arousa, Remodelación do contorno da Capela de San Roque, 174.120,80; 08/04/2010, Concello do Bolo, Obras de adecuación de praza no concello do Bolo, 170.888,86; 12/07/2010, Concello de Muíños, Acondicionamento do espazo público no Rañadoiro, 168.799,00; 29/09/2009, Concello de Cualedro, Rehabilitación da praza de Carzoá no contorno da Igrexa, 154.532,25; 03/05/2010, Concello de San Amaro, Obras de acondicionamento de espazos públicos nos núcleos de Andrade e Alemparte en San Amaro, 151.254,88; 01/07/2010, Concello de Cervo, Demolición edificio para praza, 150.000,00; 03/05/2010, Concello de Palas de Rei, Obras de acondicionamento e mellora de espazos urbanos no concello de Palas de Rei, 150.000,00; 29/09/2009, Concello de Muíños, Obras de acondicionamento de espazos públicos na Abelleira no concello de Muíños, 144.000,00; 07/04/2010, Concello de Palas de Rei, Obras de posta en valor e enriquecemento do Camiño de Santiago ao seu paso por Palas de Rei, 134.139,00; 07/04/2010, Concello de Beariz, Obras de acondicionamento da Praza da Igrexa no núcleo de Doade en Beariz, 115.749,00; 30/07/2010, Concello de Boqueixón, Conservación e mellora do patrimonio rural en Ponte Ledesma, 104.865,84; 07/04/2010, Concello de Outes, Obras de pavimentación de núcleos tradicionais de San Cosme, 103.735,87; 08/10/2010, Concello de Cesuras, Pavimentación de estradas nas parroquias de Borrifáns e Probaos,



97.655,90; 05/10/2010, Concello de Arzúa, Reurbanización das rúas Dolores, Convento e Calexa, 96.955,77; 03/05/2010, Concello de Verín, Obras de adecuación do contorno do centro sociocultural na Praza de Tamaguelos, 95.955,48; 27/10/2010, Concello de Mos, 3ª fase do acondicionamento e pavimentación do contorno da Igrexa, 93.383,86; 01/03/2010, Concello de Oímbra, Obras remodelación da Praza do Eiró en Oímbra, 89.450,53; 03/05/2010, Concello de Padrenda, Obras de pavimentación da praza do núcleo de Lordelo en Padrenda, 84.000,00; 01/03/2010, Concello de Laza, Obras de acondicionamento da Aira da Picota, 69.600,00; 29/09/2010, Concello de Monterrei, Acondicionamento do Parque do Outeiro, 60.000,00; 03/05/2010, Concello de Riós, Obras de acondicionamento do contorno dun equipamento recreativo no núcleo de Riós, 50.000,00; 27/10/2010, Concello de Leiro, Acondicionamento de dous tramos na rúa Emilio Hermida e rúa Prado, 43.818,06; 13/08/2010, Concello de Vedra, Rehabilitación da Casa da Cultura de San Mamede de Ribadulla, 38.399,88.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES E PARLAMENTARIAS
12 NOV. 2010
54474



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 47060**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e varios/as deputados/as máis, sobre **"as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar o aeroporto de Peinador e a súa contribución ao desenvolvemento do Plan estratéxico elaborado pola Concellaría de Turismo de Vigo para ese aeroporto"**, (publicada no BOPG núm.: 327, do 5 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e a Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"Durante o verán de 2009 representantes da Consellería de Cultura e Turismo e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas mantiveron unha xuntanza cos representantes dos Concellos da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo co fin de chegar a un acordo para a definición e coordinación dos novos voos e o correspondente reparto das achegas destinadas aos convenios de patrocinio publicitario coas compañías aéreas de baixo custo. Non se pode afirmar por tanto, que non se contase cos concellos implicados.

Non obstante, e despois de varios encontros, este acordo non foi posible, polo que a Xunta de Galicia se veu na obriga de asumir en solitario a definición e negociación destes convenios, repartindo os fondos dun xeito



obxectivo e equitativo entre os tres aeroportos. Non debeu ser unha mala decisión cando a Comisión Técnica do Comité de Rutas propón, por unanimidade, repetir o mesmo mapa de voos para o vindeiro ano 2011.

Esta falta de acordo foi precisamente a causa principal que motivou a creación do Comité de Rutas Aéreas de Galicia, un órgano no que están representados os tres concellos anteriormente indicados, así como as administracións autonómica e estatal, o ente público Aena, as Cámaras de Comercio destes tres concellos e a Confederación de Empresarios de Galicia.

En calquera caso, os datos de ocupación facilitados indican que as rutas elixidas foron unha opción acertada, se ben a compañía Vueling ten anunciado a súa decisión de non continuar coa conexión Vigo-Bruxelas, xa que a empresa considera que estes datos de ocupación non son suficientes para asegurar a súa rendibilidade.

Cómpre lembrar ao respecto que na última reunión da Comisión Técnica do Comité de Rutas Aéreas de Galicia a Xunta de Galicia comprometeuse, co apoio de todos os seus membros (incluído o representante do Concello de Vigo) a buscar outra aeroliña que quixese facerse cargo desta conexión, ou ben de procurar outra ruta internacional no seu lugar.

No referente ao apoio da Xunta de Galicia ao Plan Estratéxico de Peinador, cómpre lembrar o acordo adoptado na Comisión 6.ª, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do 24 de setembro de 2010, que literalmente di 'O Parlamento insta a Xunta de Galicia a mostrar o seu compromiso coa realización dun estudo desde o Comité de Rutas sobre as necesidades do aeroporto de Vigo, tendo presente as análises e demandas que o Concello de Vigo leva presentado, nomeadamente ao Plan estratéxico de Peinador'.

A Consellería de Cultura e Turismo trasladou o pasado mes de outubro ao Comité de Rutas Aéreas o devandito acordo, polo que deberá ser este



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

órgano quen decida nas súas próximas reunións a oportunidade de realizar este estudo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



5445

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 47881**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **"as xestións da Xunta de Galicia para a construción dun novo centro de saúde no concello da Pobra do Caramiñal (A Coruña) e a situación elixida para tal finalidade"**, (publicada no BOPG núm.: 328, do 6 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Estáse a tramitar a cesión dos terreos para a construción deste centro de saúde. Na actualidade atópase aprobado inicialmente polo Concello de Pobra de Caramiñal o "Plan Especial de Desenvolvemento A.P. POL 9 del PGOM da Pobra do Caramiñal", no que se clarifican os aspectos formulados."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 48419**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Beito Lobeira Domínguez, sobre **“a redución e obstaculización das políticas de normalización lingüística no ámbito da Administración local”**, (publicada no BOPG núm.: 328, do 6 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A política lingüística da actual Xunta de Galicia ten como unha das súas principais metas para esta etapa lograr unha maior coordinación e planificación na proxección social da lingua, e nese obxectivo enmarcamos a colaboración, que queremos plena e fecunda, coas entidades locais.

Con esa finalidade, púxose en marcha en proceso de reflexión en xullo de 2009 que conducise a actualizar o contido da orde de subvencións que ata o momento se convocaba para as entidades locais.

Con respecto á dita convocatoria de subvencións ás entidades locais, a intención foi a de asumir de maneira directa, desde Política Lingüística, a xestión destas axudas, coa finalidade de ir afinando na consecución de obxectivos comúns e dunha maior eficacia da actividade dinamizadora. Ata 2010, a dita convocatoria partía do departamento responsable de



Administración Local, que xestionaba e definía esta convocatoria, con partidas económicas transferidas desde Política Lingüística.

A convocatoria de 2010 foi publicada no Diario Oficial de Galicia o 22 de abril de 2010. Na mesma introducíronse aspectos novos que redundan nunha maior calidade no labor de dinamización da lingua galega.

Engadir que, a finais de abril de 2010, celebrouse en Santiago unha xornada informativa á que foron convocados todos os concellos de Galicia. A intención dese encontro foi trasladarlles ás entidades locais os novos obxectivos que se perseguían coa redacción da convocatoria de subvencións ás entidades locais para a creación ou mantemento dos servizos lingüísticos, así como para a axuda ao desenvolvemento de programas de dinamización do galego na sociedade.

Finalmente, o 2 de setembro de 2010 publicouse no DOG a resolución da concesión das subvencións ás entidades locais. As cantidades establecidas para cada concello responden obxectivamente a todos e a cada un dos criterios establecidos na convocatoria.

Con respecto á colaboración coas entidades locais para a promoción da lingua galega, cómpre sinalar que na convocatoria de 2010 quedaron fóra as deputacións provinciais, que foron obxecto de convenios específicos. A contía dos catro convenios ascendeu a 137.000 euros, e daquela o diñeiro destinado a axudar aos concellos na promoción da lingua galega foi, en 2010, de 739.668 euros.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010



O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 48896**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre **"a mellora do proxecto de travesía en San Roque (Coristanco), elaborado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas"**, (publicada no BOPG núm.: 340, do 25 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas asume a súa competencia de actuar sobre a rede viaria para dar cumprimento ao obxectivo de manter o estado das estradas nas debidas condicións de viabilidade, seguridade e comodidade. As actuacións que se encadran nestes programas de mellora da seguridade da vía son, entre outras, aumento do ancho da plataforma, mellora do firme, mellora de drenaxe, sinalización vertical, balizamento ou marcas viais.

O anterior equipo directivo da Consellería encargou en marzo de 2008 a redacción dun proxecto de construción para actuar nesta estrada, cuxo obxecto era o acondicionamento de interseccións coa creación de carrís centrais de saída e incorporación, carrís laterais ou cuñas de aceleración e desaceleración, alargamento da plataforma nalgún treito, mellora da



drenaxe lonxitudinal e a sinalización, balizamento e defensas do treito, como máis destacado.


O equipo directivo actual da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas continuou coa tramitación deste expediente -tratando de superar a constatada falta de consenso e de información municipal- procedendo á adxudicación da obra en agosto de 2010.

En atención ás alegacións presentadas, pódese avanzar que por parte da Consellería existe a vontade de acoller a maioría delas, o que fará precisa a tramitación dunha modificación do proxecto aprobado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



54476

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 52713**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"o contido e prazo de presentación pola Xunta de Galicia do novo plan galego de drogas"**, (publicada no BOPG núm.: 350, do 9 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"En relación cos cinco interrogantes formulados, a Consellería de Sanidade informa o seguinte:

- 1.- Inevitablemente, o novo plan de trastornos aditivos, ten que comezar por unha análise da situación e do anterior plan.
- 2.- Nestes momentos o plan está sendo sometido ao estudo de todos os axentes con interese. O plan ten que estar elaborado para dar cobertura ás accións dos vindeiros anos.
- 3.- Sobre iso remítese á comparecencia da Directora Xeral de Saúde Pública e Planificación en sede parlamentaria.
- 4.- Un sistema baseado na xestión clínica protocolizada e avaliada con criterios de calidade e seguridade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

5.- O plan axustarase á estratexia europea.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 41598**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Guillermo Antonio Meijón Couseiro e varios/as deputados/as máis, sobre **"a valoración do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da redución do número de actividades formativas, nomeadamente das desenvolvidas polos centros de formación e recursos, que presenta o Plan anual de formación do profesorado 2010-2011"**, (publicada no BOPG núm.: 305, do 3 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considera a formación permanente do profesorado como o eixe fundamental sobre o que se vertebra un sistema educativo de calidade.

Por iso, son obxectivos prioritarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

- Considerar o profesorado como peza clave do sistema educativo.
- Procurar a súa actualización, tanto nos contidos científicos e tecnolóxicos, como na didáctica das distintas áreas e materias.



- Lograr que esta posta ao día se realice de xeito áxil e permanente; esixencia que nos crean os rápidos cambios que sofren a sociedade e a ciencia.
- Facilitar unha oferta formativa diversificada e de calidade que cubra as necesidades detectadas e que dr resposta a cambios metodolóxicos e de innovación coa incorporación das TIC nas aulas.

Co reto de optimizar aínda máis os recursos destinados á xestión da formación permanente do profesorado, considerouse oportuno apostar polas melloras precisas para facer unha estrutura formativa máis eficiente e que reforce e relance o traballo feito neste campo durante o pasado.

Por iso, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria afronta desde novas perspectivas a formación do profesorado e traballa na introdución de avances que permitan aplicar modalidades como a formación a distancia ou a formación nos propios centros educativos.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

1

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 41807**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“o incumprimento do acordo respecto dos agrupamentos do alumnado de educación infantil e primaria”**, (publicada no BOPG núm.: 305, do 3 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 47111, e na Comisión 4ª de data 20/10/2010 e á que nos remitimos.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

u

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coas preguntas con resposta escrita **núms.: 42514, 42515, 42516, 42517, 42518, 42519, 42520, 42521, 42522, 42523, 42524, 42525, 42527, 42531, 42532, 42533, 42640 e 42659**, formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Soledad Soneira Tajés e varios/as deputados/as máis, sobre **"a redución de prazas de profesorado en centros educativos de varios concellos de Galicia"**, (publicadas no BOPG números 307, 308 e 311 do ano 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A asignación do número de profesores aos centros está baseada nas ensinanzas que se imparten, nos grupos que deben constituírse en función do número de alumnos matriculados e no profesorado necesario para atender ditas ensinanzas e grupos conforme a criterios técnicos previamente preestablecidos e nos que se recollen medidas de calidade no funcionamento do sistema educativo.

Da aplicación do manifestado no punto anterior hai centros que reducen profesorado e outros que o aumentan. Poden verse afectados cunha redución de profesorado en relación co curso académico inmediatamente anterior aqueles centros que tiveran os seus cadros de persoal máis sobredimensionados ou que teñan neste curso académico unha maior redución de alumnos.



Precisar que os consellos escolares son os órganos de participación da comunidade educativa no goberno dos centros, pero que non se encontra entre as súas funcións relacionadas no artigo 127 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o determinar o número de profesores que debe ter cada centro educativo. Tampouco lle corresponde aos consellos escolares de cada centro individualmente determinar as prioridades na asignación de profesorado en función das dispoñibilidades que teña globalmente a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Para completar a información solicitada, remitímonos ao que ten manifestado no Parlamento de Galicia o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria con ocasión da súa comparecencia na sesión plenaria do día 13/10/2010 para informar sobre o inicio do curso 2010-2011 no ensino non universitario de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 45025**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“a discriminación que padecen as publicacións periódicas escritas integramente en galego”**, (publicada no BOPG núm.: 318, do 22 de setembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Medios, mantén e ten a intención de potenciar no futuro as axudas institucionais aos medios en galego, na medida das posibilidades orzamentarias da Comunidade Autónoma. Nesta lexislatura está previsto levar ao Parlamento unha lei xeral de promoción dos medios de comunicación de Galicia, cunha liña específica de axudas para os medios en galego.

As liñas de axuda aos medios en galego seguen a ser as mesmas dende hai varias lexislaturas nesta Comunidade autónoma. Non hai variación nesa política de fomento e promoción dos medios de comunicación galegos e que se recollerá na devandita lei.

Certamente, os medios de comunicación e as súas empresas están a vivir nesta última década unha profunda crise estrutural e conxuntural, provocada polos cambios tecnolóxicos derivados da converxencia dixital e a



transición da sociedade da información, así como da recesión económica que provoca a caída dos investimentos publicitarios e a fuxida dos lectores en papel cara aos medios dixitais, máis rápidos, instantáneos, móbiles e sen ningún tipo de custe para os usuarios.

Tamén está en crise o modelo editorial, no que o soporte dixital non pode ser o mesmo que o do papel e, sobre todo, están a cambiar os modelos de negocio tradicionais. Todo isto está a provocar unha auténtica revolución e reconversión. Algunhas empresas e organizacións, tanto aquí coma noutras partes do mundo, non poden ou non saben adaptarse á velocidade de todos eses cambios. Isto non é unha cuestión política, é unha realidade empresarial e industrial que só pode resolverse con xestión; se non hai xestión pouco se pode facer.

Por outra parte, non todos os medios están en crise. Están en crise algúns formatos e os seus modelos de negocio. A información, a opinión e o coñecemento seguen a interesarlle moito á xente, tanto en galego, como en castelán ou inglés. Afortunadamente a comunicación está viva e moi viva na sociedade actual. Non obstante, hai que entender que non se pode confundir a información coa comunicación.

Así, actualmente, as novas tecnoloxías teñen posto en mans dos cidadáns novos medios de comunicación -que o sociólogo español Manuel Castells chama de autocomunicación- que lle permiten á xente comunicarse entre si e contar cos medios tradicionais (prensa, radio e televisión). Son os chamados novos medios de autocomunicación de masas, os blogs e as redes sociais. Este novo fenómeno social tamén está a provocar crise nos medios tradicionais que, non obstante, seguen a ser imprescindibles e fundamentais para o debate social, pero que se enfrontan a unha realidade nova.



Cada día nacen en Galicia novos medios de autocomunicación, blogs e grupos de usuarios galegos nas redes sociais. En 2009 había preto de 10.000 blogs en Galicia -dos que o 60% emprega o galego- cunha media semanal de preto de 100.000 usuarios. Este ano a cifra sitúase nos 12.000 blogs.

Son evidentes os cambios que se están a dar no mundo da comunicación con novos soportes, sistemas, formas e modelos. Estase a vivir un proceso de transición tecnolóxica con acelerados cambios e innovacións, que conleva fortes transformacións.

Á Secretaría Xeral de Medios preocúpalle a profundidade deses cambios e as súas repercusións nas estruturas empresariais, nos sistemas tradicionais de xestión, nos colectivos sociolaborais e nas modificacións dos costumes ou usos culturais. Pero non se pode ir contra a corrente das novas tendencias. Pódense manter e potenciar as liñas tradicionais de axudas, pero iso só permitirá paliar a crise conxuntural xa que non resolve os problemas de carácter estrutural que afectan a algúns soportes. Por iso, cómpre facer algo máis para afrontar eses outros problemas estruturais previstos a medio e longo prazo.

Neste senso, a Xunta de Galicia considera conveniente unha nova lei de promoción xeral dos medios que abrangue aspectos de carácter estrutural e tecnolóxico, de investigación e innovación, de fomento da lectura entre a xente nova, e que potencie e consolide o noso idioma a través dos novos medios dixitais, xunto con máis comunicación audiovisual en galego, para non deixar pasar o tren das novas tecnoloxías por diante da nosa fala.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 45361**, formulada polo Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, a iniciativa de don Ignacio Javier López-Chaves Castro e varios/as deputados/as máis, sobre **“os investimentos realizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na cidade de Vigo e os previstos durante o próximo ano”**, (publicada no BOPG núm.: 319, do 23 de setembro do 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está a facer un importante esforzo para poder atender as necesidades de construcións e reparacións en distintos centros da Comunidade galega.

No que se refire aos investimentos realizados da cidade de Vigo podemos concretar que no exercicio 2010 ascenden a 4,8 millóns de euros distribuídos entre as varias decenas de centros educativos deste concello; dos que algo máis de 3,8 millóns corren a cargo da Secretaría Xeral da Consellería e o resto competen á Xefatura Territorial de Pontevedra.

Destacan actuacións como a rehabilitación do CEE Saladino Cortizo, por valor de máis de 1,7 millóns de euros, ou a reforma do CEIP Virxe do Rocío



por máis de 1,5 millóns; aínda que houbo outro tipo de obras, tanto de nova construción como de reparacións.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria seguirá a atender as necesidades de obras e reparacións, conforme ás circunstancias orzamentarias previstas para 2011. Neste apartado cabe destacar a reforma do CEIP Virxe do Rocío, por máis de 748.000 euros e a previsión de redacción de proxecto cando o Concello de Vigo poña a disposición os terreos adecuados e necesarios para a nova construción do CEIP Altamar.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Casero García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA



CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 47001**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do incremento das prazas de comedor escolar no Colexio de Educación Infantil e Primaria Padre Feijóo, de Allariz, e a solicitude ao Concello da cesión dos terreos necesarios para ese fin”**, (publicada no BOPG núm.: 327, do 5 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é coñecedora de que o CEIP Padre Feijoo de Allariz conta na actualidade cun elevado alumnado, que a pesar das diversas ampliacións que se teñen efectuado no pasado fan precisa unha nova ampliación de cara ao curso escolar 2011-2012 coa finalidade de proceder ao desdoblamento de aulas.

Diante desta necesidade, a oficina técnica da Xefatura Territorial de Ourense informou o 27 de xullo de 2010 sobre a conveniencia de ampliar o centro coa construción dun novo aulario de educación infantil e a conseguinte reordenación no edificio principal para dar cabida a novos espazos, entre os que figuran adaptación de aulas de usos múltiples e ampliación do comedor.



Desde a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en atención ao exposto, solicitóuselle ao Concello de Allariz o día 25 de agosto de 2010 a posta a disposición dos terreos precisos para facer fronte á actuación sinalada anteriormente.

A mencionada posta a disposición e conseguinte aceptación dos terreos materializarase mediante a subscrición dun convenio de colaboración entre as dúas institucións. Na mesma data, pola Secretaría Xeral remitiuse ao Concello de Allariz borrador do convenio de colaboración para o seu coñecemento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 47608**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo, sobre **“os problemas de seguridade para o transporte escolar que presenta a ponte que une as localidades de Bembibre e Fradelo, no concello de Viana do Bolo, as previsións da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ao respecto e a alternativa ofrecida aos alumnos”**, (publicada no BOPG núm.: 327, do 5 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Aínda que a cuestión da seguridade das pontes non é competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en relación á súa pregunta podemos apuntar que non se ten coñecemento de ningún escrito procedente do centro escolar, dos pais e nais do alumnado ou da empresa contratista en relación á suposta dificultade ou preocupación á que se fai referencia.

Por outra banda sinalar que dentro da rede de estradas autonómicas, materia cuxa competencia lle corresponde á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, non se atopa a ponte entre Bembibre e Fradelo, no Concello



de Viana do Bolo, polo que esta Consellería non pode dar resposta acerca de si foi revisada nin sobre os criterios para a sinalización de limitación da masa máxima autorizada na citada ponte.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 49132**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Terixa Paz Franco e don Alfredo Suárez Canal, sobre **“o futuro do club ciclista Xacobeo Galicia”**, (publicada no BOPG núm.: 340, do 25 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“A Secretaría Xeral para o Deporte sempre apoiou o proxecto de contar cun equipo ciclista profesional en Galicia, pero isto sempre e en todo caso na idea de que se tiña que sustentar, principalmente, na financiación privada.

Neste punto, a Secretaría Xeral para o Deporte realizou distintos esforzos - en diversas vías e ante distintos interlocutores- pero, finalmente, o proxecto do equipo ciclista non atopou patrocinador principal para continuar máis alo deste ano, motivo polo cal a Fundación Ciclismo Galego acordou, en sesión de 30 de setembro, comunicar á UCI a non presentación do equipo da Fundación para a seguinte tempada.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 49162**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“a continuidade do equipo de ciclismo Xacobeo Galicia, as xestións levadas a cabo polo Goberno galego ao respecto e as previsións relativas á substitución do seu actual director”**, (publicada no BOPG núm.: 340, do 25 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“O Padroado da Fundación Ciclismo Galego, trala súa sesión de 30 de setembro dos correntes, acordou a comunicación á UCI da non presentación do equipo da Fundación para a seguinte tempada.

Con carácter previo a esta decisión da Fundación Ciclismo Galego, e sendo intención da Secretaría Xeral para o Deporte o apoio ó proxecto de contar cun equipo ciclista profesional en Galicia -pero sempre sustentado este, con carácter principal, na financiación privada-, se realizaron distintos esforzos en diversas vías e ante distintos interlocutores que, finalmente, non frutificaron, non atopando o equipo ciclista patrocinador principal para continuar máis alo deste ano.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

h

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 50956**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Cajide Hervés e varios/as deputados/as máis, sobre **“os datos do Goberno galego respecto do aluguer non declarado para efectos fiscais en Galicia e as actuacións previstas para avaliar o seu impacto”**, (publicada no BOPG núm.: 344, do 29 de outubro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Amparándose na dificultade da súa realización, ningún goberno quixo elaborar ata agora un estudo en profundidade sobre a economía mergullada e a fraude fiscal en España.

En canto aos niveis de fraude fiscal por tributo, parece claro que onde teñen maior presenza é no Imposto de Sociedades (ou o seu equivalente no IRPF: Rendementos de actividades económicas por estimación directa) e no Imposto sobre o valor Engadido, o que provoca que estes impostos estean recadando por debaixo do seu nivel potencial que, evidentemente, diminuíu na situación económica actual.

Respecto aos tributos xestionados pola Xunta de Galicia, podemos distinguir entre os propios e os cedidos polo Estado.



Nos primeiros, non cabe falar de niveis de fraude significativos polas características destes, en especial o reducido número de suxeitos pasivos ou a súa vinculación a determinados consumos, así como polas actuacións de comprobación desenvolvidas pola Administración autonómica.

Respecto aos tributos cedidos de xestión autonómica, en particular os impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e sobre sucesións e doazóns, cabe distinguir dous focos de defraudación fiscal, os feitos impositivos non declarados e a fraude nos valores declarados. Para combater ambas as dúas condutas, as actuacións da Administración Tributaria autonómica concréntanse nas actividades de inspección (comprobación e investigación) e comprobación de valores, respectivamente.

A Xunta de Galicia xa se colabora anualmente na elaboración do Plan de Prevención da Fraude Fiscal de aplicación en todo o territorio español e tamén se diseña pola Dirección Xeral de Tributos un plan de actuacións inspectoras no ámbito autonómico. Respecto ao caso particular formulado, a fraude en alugueres de vivenda, a Xunta de Galicia facilita periodicamente a Axencia Estatal de Administración Tributaria, que é quen ten a competencia para a comprobación e investigación, os datos dispoñibles derivados das competencias en materia de vivenda e, en particular, de alugueres.

Respecto ao informe presentado por Gestha cabe sinalar que de ningún modo pode concluírse que a metade dos alugueres non se declaren, xa que ambas as dúas magnitudes comparadas son imposibles de homologar.

Así, mentres os datos do Ministerio se refiren a unha estimación de vivendas alugadas, os da Axencia Tributaria son segundo o número de declarantes de IRPF que se reduce por arrendamento de vivendas habituais.

Ademais, esquecese que non só os declarantes de IRPF alugan vivendas en España, xa que tamén existe un amplo sector empresarial e público que se




dedica ao aluguer de vivenda ou ao aluguer con opción de compra que non vén reflectido na devandita estatística do IRPF.

Por último, os incentivos fiscais, tanto do Estado como da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto para os arrendadores como para os arrendatarios, están vinculados ao cumprimento de obrigas formais como incluír nas declaracións polo IRPF o número de referencia catastral ou o NIF de arrendatario, o que provocou que as condutas defraudatorias no ámbito do aluguer de vivenda dificilmente puidesen aumentar nos últimos anos, máis ben o contrario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010



O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 51607**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María del Mar Barcón Sánchez, sobre **"as supostas reunións de autoridades e empresarios con membros da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para solicitar información respecto do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Moaña"**, (publicada no BOPG núm.: 348, do 5 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O día 29 de maio de 2009, celebrouse unha reunión entre a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e persoas relacionadas co sector empresarial da comarca do Morrazo que se interesaron pola situación do ámbito e das posibilidades de desenvolvemento do denominado 'Solo Urbanizable Delimitado Industrial 1' no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Moaña.

Trátase dunha das moitas consultas de colectivos nesas dependencias en resposta ao dereito á información que de forma específica e clara aparece recollido na propia Lei de Ordenación Urbanística de Galicia, que no seu artigo 5.4, determina que 'na formulación, tramitación e xestión do planeamento




urbanístico as administracións urbanísticas competentes deberán asegura-la participación dos interesados e, en particular, os dereitos de iniciativa ou información que por parte das entidades representativas dos intereses que resulten afectados e dos cidadáns.’

Cómpre lembrar, finalmente, que á Xunta de Galicia unicamente lle compete proceder, no seu caso, á aprobación definitiva do documento mesmo que se traslade desde o Concello, logo de exercer o control de legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, unha competencia que claramente exclúe calquera intromisión ou influencia allea aos intereses xerais nas determinacións finais deste documento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms

54357



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 51890**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Henrique Viéitez Alonso, sobre **“o accidente mortal sufrido por un traballador no concello do Barco de Valdeorras”**, (publicada no BOPG núm.: 349, do 8 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“O traballador retiraba material dunha plataforma suspendida de nivel variable, dita plataforma trataba de adaptarse o patio de luces, estando montada sen seguir unha configuración xeralmente recoñecida. Nese momento cedeu o extremo do piso de madeira da plataforma e caeu da mesma dende a sétima planta. Aínda que existían medios de protección persoal na obra, o traballador non portaba arnés anticaídas no momento do accidente.

Trátase dun traballador fixo. O accidente produciuse aproximadamente ás 12 da mañá, sendo a cuarta hora de traballo, dunha xornada laboral de oito horas que comezara ás 8,00 h.

A empresa para a que traballaba era unha subcontrata de primeiro nivel, que contratara directamente o promotor-contratista.

As causas exactas de dito accidente laboral foron o desprendemento do extremo do piso da plataforma colgada móbil, e non utilización de



protección persoal anticaída, que ocasionou o desplome do traballador dende unha altura de uns 19 m.

O mesmo día do accidente mortal activouse o procedemento establecido no *Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias*, desprazáronse ao lugar do accidente un técnico do ISSGA e un inspector de traballo.

Estes funcionarios proseguen coa investigación do accidente.

A empresa do accidentado dispón de plan de prevención e existe un plan de seguridade e saúde da obra realizado pola empresa promotora-contratista. Como se dixo, na obra existían medios de protección persoal.

A empresa non aportou documentación que xustifique a formación en materia de prevención que posuía este traballador.

O 'Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2006-2010', asinado o 5 de febreiro de 2007 no marco do diálogo social en Galicia, indica como primeiro dos seus obxectivos xerais a redución dos accidentes laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto en número como en gravidade das lesións, así como as enfermidades de orixe laboral.

Este Plan desenvolve oito obxectivos estratéxicos, todos eles tendentes a loitar, dun xeito ou outro, contra a sinistralidade laboral. As accións nel previstas estanse a desenvolver, tanto por parte da Dirección Xeral de Relacións Laborais, como do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Conforme ao Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para o ano 2010, investiganse os accidentes graves e



mortais, ocorridos en xornada de traballo e con relación directa co mesmo, exceptuados os de tráfico e os cardiovasculares.

En moitos dos casos, estas investigacións se levan a cabo ao abeiro do Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias asinado o 15 de maio de 2006.

Finalmente, e atendendo especificamente ao sector da construción, o mencionado Plan de actuacións do ISSGA para o ano 2010, inclúe actuacións comprobatorias dos técnicos habilitados, así como accións de control e asesoramento o Plan de loita contra a sinistralidade laboral, que ten por obxectivo reducir a sinistralidade laboral en empresas cunha elevada taxa de produción de accidentes ou o Programa CASSCO de colaboración e asesoramento en Seguridade e Saúde na Construción."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


h

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms

54 356



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 52069**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Henrique Viéitez Alonso, sobre **“o accidente mortal sufrido por un traballador no concello do Porriño”**, (publicada no BOPG núm.: 349, do 8 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“O accidente aconteceu sobre as 9:40 da noite cando a base dunha torre de palets metálicos de 2 m. de altura, cargados de pranchas de granito cedeu, debido á rotura dunha barra de suxeición de apoio, e derrubouse sobre o traballador que nese momento circulaba por esa zona, caendo as pranchas de granito almacenadas sobre o traballador, golpeándoo e producíndolle a morte.

O traballador accidentado tiña un contrato indefinido sen clave específica, a tempo completo.

A empresa para a que traballaba é a empresa principal.

As causas exactas de dito accidente laboral foron:

- Falta de mantemento e revisión dos palets de almacenamento.



- Suxeición das pranchas de granito nun só lado o que provocou a inestabilidade da torre e a súa posterior caída sobre o traballador.
- Non ter determinadas as zonas específicas para o almacenamento de palets. Os palets estaban almacenados nunha zona de paso e acceso de traballadores.

O mesmo día do accidente mortal activouse o procedemento establecido no *Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias*, desprázase ao lugar do accidente un técnico do ISSGA e unha inspectora de traballo.

O día seguinte estes funcionarios mantiveron unha reunión na inspección de traballo para entrevistar ás testemuñas do accidente.

Estase a realizar a investigación do accidente por un técnico do ISSGA da provincia de Pontevedra.

A empresa Euroroca, S.L. tiña implantado un plan de prevención de riscos laborais. Na Avaliación de Riscos non se fai referencia ao mantemento de palets, nin á delimitación das zonas de almacenamento.

A formación en materia de prevención e saúde laboral que tiña o traballador afectado era a seguinte:

- Curso de carretilla elevadora, ano 2002.
- Curso de riscos do seu posto de traballo, ano 2002.

O 'Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2006-2010', asinado o 5 de febreiro de 2007 no marco do diálogo social en



Galicia, indica como primeiro dos seus obxectivos xerais a redución dos accidentes laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto en número como en gravidade das lesións, así como as enfermidades de orixe laboral.

Este Plan desenvolve oito obxectivos estratéxicos, todos eles tendentes a loitar, dun xeito ou outro, contra a sinistralidade laboral. As accións nel previstas estanse a desenvolver, tanto por parte da Dirección Xeral de Relacións Laborais, como do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Conforme ao Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) para o ano 2010, investíganse os accidentes graves e mortais, ocorridos en xornada de traballo e con relación directa co mesmo, exceptuados os de tráfico e os cardiovasculares.

En moitos dos casos, estas investigacións se levan a cabo ao abeiro do Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias asinado o 15 de maio de 2006. Ao citado Protocolo de colaboración entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia engadíuselle unha addenda asinada o 16 de xullo de 2008 co obxectivo de coordinar a actividade da Policía Xudicial e da Autoridade Laboral na persecución penal dos delitos de risco contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores por infraccións da normativa de prevención de riscos laborais. Por outra banda, defínese na Resolución de 28 de xuño de 2007 da Consellería de Traballo un sistema de gardas permanente que regula a dispoñibilidade do persoal técnico do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para que este persoal estea en disposición de acudir a calquera hora do día e tódolos días do ano ao lugar do accidente en canto se coñeza, normalmente a través da Policía Xudicial.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección: Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms

54360



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 52247**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Alfredo Suárez Canal, sobre **“os datos relativos á secuencia temporal da atribución de postos de traballo aos funcionarios que ocuparon postos de libre designación no anterior Goberno galego”**, (publicada no BOPG núm.: 349, do 8 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O persoal ao dispor do conselleiro/a foi facilitado por esta Administración en contestación á pregunta parlamentaria con resposta escrita núm 10338 en outubro de 2009. Nesta data o persoal ao dispor do Subgrupo A1 era de 65 e do Subgrupo A2 era de 40. Número total 105 persoas.

Así mesmo en contestación ás preguntas parlamentarias con resposta escrita núms 36900 e 36901 en xuño do 2010 foi facilitado de novo a ese grupo parlamentario o persoal ao dispor, 27 do Subgrupo A1 e 24 do Subgrupo A2. Número total 51 persoas.



A regulación da situación do persoal cesado en postos de libre designación atopámola na lexislación de función pública que prevé para este persoal a adscrición a un posto provisional correspondente ao seu corpo e escala, dentro da mesma localidade, non inferior en máis de dous niveis ao do seu grao persoal de acordo co procedemento que fixe a consellería competente en materia de función pública.

Durante este tempo, esta Administración foi adscribindo ao persoal que foi cesado en postos de libre designación a postos do seu corpo e escala, segundo cada caso, e en funcións das características de cada posto sempre que o persoal funcionario reunira os requisitos que se definen na relación de postos de traballo.

A estes efectos hai que sinalar que non sempre se pode adscribir ao persoal funcionario aos postos vacantes dentro da mesma localidade porque as veces requírense una serie de requisitos que non os cumpren resultando imposible a súa adscrición a postos vacantes.

Para efectuar esta adscrición ditáronse unhas instrucións con data 15 de xuño de 2009 co fin de facilitar un procedemento ás distintas consellerías para que adscribiran ao persoal funcionario que tivesen ao dispor do conselleiro/a, pois son estas as competentes para adscribir ao persoal funcionario/a en postos da súa consellería, e na mesma localidade.

Posteriormente, con data 15 de febreiro de 2010 modificáronse estas instrucións co fin de que se adscribira a este persoal funcionario a un posto de traballo do seu corpo ou escala, garantíndolle as retribucións correspondentes.

En maio de 2010 convócase un concurso de traslados de Administración Xeral onde persoal funcionario que se atopa ao dispor participa nel solicitando o posto ou postos de traballo que consideraron oportunos sen ter



a obriga de pedir todos os postos de traballo do seu corpo ou escala. Este concurso de traslados está previsto que se resolva en decembro de 2010, onde probablemente obteñan destino definitivo moitos dos funcionarios/as que se atopan neste momento ao dispor.

Non obstante, como esta Administración considera que esta medida é insuficiente para adscribir a este persoal a un posto de traballo concreto, presenta, a través da Lei de medidas unha modificación do artigo 65.4 do Texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia que vai a permitir que o persoal funcionario cesado nun posto de libre designación poida ser adscrito provisionalmente a calquera posto de traballo do seu corpo ou escala, sempre que reúna os requisitos para ocupalo, introducindo a obrigatoriedade de participar nos concursos de traslados ata que obteña outro posto con carácter definitivo. Así mesmo introdúcese a obrigatoriedade de elixir todos os postos de traballo da mesma localidade onde fose cesado ou ben todos os postos de traballo da localidade onde fora adscrito provisionalmente, a elección do persoal funcionario.

Así mesmo e con fin de valorar os méritos nos concursos de traslados a este persoal computaráselles o período de tempo nesta situación como se se desempeñase un posto non inferior en dous niveis ao do seu grao persoal consolidado, desde o día seguinte ao do cesamento do posto obtido por libre designación, o que ata este momento non se valoraba e que dificultaba a esta persoa a obtención dun posto de traballo.

Esta Administración considera que con esta modificación regularizárase o procedemento que vai a permitir que todos os funcionarios cesados en postos de libre designación se lles adscriba a un posto de traballo.

Ao mesmo tempo facilítase a través do anexo que se achega a esta resposta a información relativa á situación dos funcionarios que se atopan ao dispor segundo o período no que foron nomeados, resultando que o



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

persoal nomeado en postos de libre designación no período 2005/2009 e que actualmente está ao dispor son 21 e que o persoal funcionario nomeado en postos de libre designación con anterioridade ao 2005 e que actualmente está ao dispor son 30.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

ANEXO

PERSONAL AO DISPOR

Personal funcionario nomeado en postos de libre designación no período 2005/2009 e que actualmente está ao dispor.

21 {
- 8 Subgrupo A1
- 13 Subgrupo A2

Personal funcionario nomeado en postos de libre designación con anterioridade ao 2005 e que actualmente está ao dispor.

30 {
- 19 Subgrupo A1
- 11 Subgrupo A2

GRUPO A1: 27

<p>Personal funcionario nomeado en postos de LD no período 2005/2009 e que continúa ao dispor.</p>	<p>8 { Nivel 30: 3 Nivel 28: 5</p>	<p>Personal funcionario que ocuparon postos de LD con anterioridade ao 2005, cesados no período 2005/2009 e que continúa ao dispor.</p>	<p>6 { Nivel 30: 3 Nivel 28: 3</p>	<p>Personal funcionario nomeado en postos de LD con anterioridade ao 2005 e que continuaron en postos de LD no período 2005/2009 e que actualmente está ao dispor.</p>	<p>13 { Nivel 30: 2 Nivel 28: 11 (1 deles por amortización. Secretario Provincial)</p>
--	--	---	--	--	---


GRUPO A2: 24

<p>Personal funcionario nomeado en postos de LD no período 2005/2009 e que continúa ao dispor.</p>	<p>13 { Nivel 28 (1 deles por amortización. Secretario Provincial)</p>	<p>Personal funcionario nomeado en postos de LD con anterioridade ao 2005 e que continuaron en postos de LD no período 2005/2009 e que actualmente está ao dispor.</p>	<p>11 { Nivel 28 (3 deles por amortización. Secretario Provincial)</p>
--	--	--	--



RS/ms

54355



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 52379**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Henrique Viéitez Alonso, sobre **"o accidente laboral sufrido por un traballador no concello da Guarda"**, (publicada no BOPG núm.: 349, do 8 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

"O accidente non foi mortal senón GRAVE.

O traballador estaba subido a unha estada das denominadas "tradicionais" a unha altura aproximada de 3'8 metros

Segundo o parte de accidente, o accidente aconteceu ás 12:00 sendo a 4ª hora de traballo. O traballador ten un contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo, como traballador dependente dun autónomo.

A estada xa non estaba en obra cando se visitou esta por parte do técnico do ISSGA, e os corpos de seguridade que acudiran en primeira instancia ao lugar (Policía Local e Garda Civil) non sacaran fotografías dela.

Polas declaracións dos entrevistados tratábase dunha estada das denominadas "tradicionais" montada sobre a beirarrúa, sen fusos para



apoiala e carecía de varanda ou calquera outro elemento que impedise ou limitase a caída. Colocáraselle a xeito de toldo unha lona para evitar mollarse.

A este tipo de estadas nestas condicións, débese realizar un cálculo de estabilidade e resistencia. Non tiña colocados todos os elementos necesarios para a súa montaxe. De feito, os fabricantes as comercializan coma cimbras en lugar de coma estadas xa que non poden ser certificados como tales segundo indica o convenio xeral da construción.

Os traballadores non recibiran unha formación axeitada e específica para a súa montaxe.

A empresa era contratista da obra, por tanto principal.

As causas exactas de dito accidente laboral foron, segundo declaran as testemuñas, un forte refacho de vento fixo efecto vela na lona colocada e provocou o derrubamento da estada e a caída do traballador dende uns 3,8 metros.

A causas foron a deficiente montaxe de estada, falta de arriostamento, falta de cálculo de resistencia e estabilidade, falta de formación dos traballadores que o montaban; entre outras causas xa que a investigación non está finalizada.

Ao ter coñecemento da notificación do parte do accidente, un técnico do ISSGA acudiu ao lugar, comezando a investigación das súas causas; esta investigación continúa en curso.

A empresa foi requirida para que achegara a documentación relativa a prevención dos riscos laborais, co obxecto de realizar comprobación das súas características, estando á espera desta.



En canto á formación en materia de prevención e saúde laboral que tiña o traballador afectado como xa se indicou se está pendente da achega de documentación por parte da empresa.

O 'Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2006-2010', asinado o 5 de febreiro de 2007 no marco do diálogo social en Galicia, indica como primeiro dos seus obxectivos xerais a redución dos accidentes laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto en número como en gravidade das lesións, así como as enfermidades de orixe laboral.

Este Plan desenvolve oito obxectivos estratéxicos, todos eles tendentes a loitar, dun xeito ou outro, contra a sinistralidade laboral. As accións nel previstas estanse a desenvolver, tanto por parte da Dirección Xeral de Relacións Laborais, como do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Conforme ao Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para o ano 2010, investiganse os accidentes graves e mortais, ocorridos en xornada de traballo e con relación directa co mesmo, exceptuados os de tráfico e os cardiovasculares.

En moitos dos casos, estas investigacións se levan a cabo ao abeiro do Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias asinado o 15 de maio de 2006.

Finalmente, e atendendo especificamente ao sector da construción, o mencionado Plan de actuacións do ISSGA para o ano 2010, inclúe actuacións comprobatorias dos técnicos habilitados, así como accións de control e asesoramento o Plan de loita contra a sinistralidade laboral, que ten por obxectivo reducir a sinistralidade laboral en empresas cunha



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIONS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




XACOBEO 2010
Galicia

elevada taxa de produción de accidentes ou o Programa CASSCO de colaboración e asesoramento en Seguridade e Saúde na Construción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2010



O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 52393**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Guillermo Antonio Meijón Couselo e varios/as deputados/as máis, sobre **"a valoración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do pechamento do ciclo de formación profesional de instalacións electrotécnicas no Instituto de Ensinanza Secundaria de Curtis no curso 2010-2011 e as previsións respecto da súa reapertura"**, (publicada no BOPG núm.: 349, do 8 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 52894, e debatida na Comisión 4ª de data 11/11/2010 e á que nos remitimos."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010



O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 52665**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Xabier López Vidal e dona María Soledad Soneira Tajés, sobre **"a modalidade utilizada para a contratación da empresa ou entidade encargada de realizar o estudo de viabilidade do contrato de concesión da autovía da Costa da Morte, a data do asinamento do contrato e as empresas e ofertas presentadas"**, (publicada no BOPG núm.: 350, do 9 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"No DOG do 11/10/2010 publicouse a resolución da Dirección Xeral de Infraestruturas, pola que se fai pública a realización das actuacións preparatorias do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación da autovía da Costa da Morte e se somete a información pública o seu estudo de viabilidade económico-financeira.

De acordo co prescrito na lexislación vixente, artigo 122 en relación co 95 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, os considerados contratos menores, (no caso de servizos os de contía inferior a 18.000 €), poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación. Para a adxudicación deste contrato abonda, segundo o disposto no



artigo 95 desta lei, con que se incorpore a aprobación do gasto e a factura correspondente.

Conforme a estas determinacións legais, a Consellería encargou a realización deste servizo á empresa Eptisa Servicios de Ingeniería, S.L. cumprindo coas formalidades prescritas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms

54358



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 52850**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Henrique Viéitez Alonso, sobre **"o accidente mortal sufrido por un traballador no concello de Vigo"**, (publicada no BOPG núm.: 350, do 9 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

"As condicións de traballo son as habituais da actividade. O traballo desenvolvíase na zona entre o falso teito da sala principal do auditorio e a cuberta deste e consistía na soldadura dunhas varandas a plataformas que deberían quedar para mantemento da zona. A superficie de traballo estaba formada por taboleiros de aglomerado, rompendo un destes ao saltar o traballador sobre el.

A aparencia da zona de traballo era de seguridade, xa que o conxunto estaba cuberto por pasarelas metálicas de tramex que ían quedar permanentes tamén para o mantemento do edificio.

O accidentado traballaba con contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo.



A empresa traballaba como subcontrata en segundo grao sendo subcontrata da empresa CARLOS PIÑEIRO MOBLES S.L., que á súa vez era subcontrata da empresa adxudicataria da obra e contratista único UTE AUDITORIO DE VIGO, SACYR SAU-CONSTRUCCIÓN EXISA, S.A.-SOMAGE ENGENHERIA, S.A., sendo o promotor a Sociedade Concesionaria Pazo de Congressos S.A.

En principio as causas fundamentais deste accidente pódense indicar como:

- Procedemento non seguro de acceso á plataforma saltando dende a viga ou cerca.
- Elección de materiais sen suficiente garantías de resistencia para a construción dunha plataforma de traballo.

Non obstante, no proceso de investigación do accidente que continúa aberto, poden xurdir outras non previstas inicialmente.

O mesmo día do accidente mortal activouse o procedemento establecido no *Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias*, desprazáronse ao lugar do accidente a policía xudicial, a Xuiza de garda e un técnico do ISSGA.

Realizáronse dúas visitas máis á obra participando o ISSGA, a inspección de traballo e a policía científica. Posteriormente acudiuse ao domicilio social da empresa para revisión de documentación.

A investigación do accidente sigue aberta.



A empresa dispón de Plan de Prevención de Riscos Laborais, elaborado polo Servizo de Prevención Alleo PREVISIONOR. Asemade, a obra conta co preceptivo Plan de seguridade e saúde segundo o art. 7 do R.D. 1627/1997.

A formación en materia de prevención e saúde laboral que tiña o traballador afectado, segundo documentación achegada pola empresa era:

- Formación e información a distancia, impartida polo S.P.A. PREVISIONOR cunha duración de 5 horas, de data 27/08/2010

- Participación con aproveitamento no curso de Soldador de Estruturas Metálicas Lixeiras que realizou A.I.M.E.N. cunha formación en P.R.L. segundo programa de 50 o módulo correspondente ao curso básico de P.R.L. de data 25/02/2008.

- Formación inicial do metal segundo o acordo Estatal do Sector do Metal (2009) de 8 horas lectivas realizado polo S.P.A. MC prevención. En data de 20/11/2009

- Información sobre os riscos específicos do posto de traballo en Auditorio de Vigo de data aparente 20/07/10

- Entrega por parte de SACYR VALLEHERMOSO do manual de recomendacións de seguridade e saúde para traballos en construción e Manual de primeiros auxilios de data 27/09/10 e 21/09/10

'O plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2006-2010', asinado o 5 de febreiro de 2007 no marco do diálogo social en Galicia, indica como primeiro dos seus obxectivos xerais a redución dos accidentes laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto en número como en gravidade das lesións, así como as enfermidades de orixe laboral.



Este Plan desenvolve oito obxectivos estratéxicos, todos eles tendentes a loitar, dun xeito ou outro, contra a sinistralidade laboral. As accións nel previstas estanse a desenvolver, tanto por parte da Dirección Xeral de Relacións Laborais, como do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Conforme ao Plan de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) para o ano 2010, invéstíganse os accidentes graves e mortais, ocorridos en xornada de traballo e con relación directa co mesmo, exceptuados os de tráfico e os cardiovasculares.

En moitos casos, como o que nos ocupa, estas investigacións se levan a cabo ao abeiro do Protocolo de coordinación entre a Consellería de Traballo e a Fiscalía de Galicia para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, a saúde e a integridade física dos traballadores, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias asinado o 15 de maio de 2006.

Finalmente, e atendendo especificamente ao sector da construción, o mencionado Plan de actuacións do ISSGA para o ano 2010, inclúe actuacións comprobatorias dos técnicos habilitados, así como accións de control e asesoramento o Plan de loita contra a sinistralidade laboral, que ten por obxectivo reducir a sinistralidade laboral en empresas cunha elevada taxa de produción de accidentes ou o Programa CASSCO de colaboración e asesoramento en Seguridade e Saúde na Construción.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 52881**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“a opinión da Secretaría Xeral de Política Lingüística respecto do obxectivo do programa de formación de auxiliares de conversa reflectido na comunicación enviada polo Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria ás persoas seleccionadas para participar nel”**, (publicada no BOPG núm.: 350, do 9 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 52883, e debatida na Comisión 4ª de data 11/11/2010 e á que nos remitimos.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




XACOBEO 2010
Galicia


O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Casiro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 52893**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Carlos Ignacio Aymerich Cano , sobre **“os motivos do Goberno galego para non autorizar a impartición do ciclo de formación profesional de instalacións electrotécnicas no Instituto de Ensinanza Secundaria de Curtis aos nove alumnos matriculados nel e as afirmacións do Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ao respecto”**, (publicada no BOPG núm.: 350, do 9 de novembro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 52894, e debatida na Comisión 4ª de data 11/11/2010 e á que nos remitimos.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

5

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727